

ANEXO II

MODELO DE FICHA DE ACTIVIDADES <sup>1</sup>

CÓDIGO CONCELLO <sup>2</sup>	MODALIDADE <input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> B <input type="checkbox"/> C <input type="checkbox"/> D	ÁMBITO DA MODALIDADE <sup>3</sup>	CÓDIGO ACTIVIDADE <sup>4</sup>	TÍTULO DA ACTIVIDADE								
CENTRO EDUCATIVO ONDE SE REALIZA A ACTIVIDADE		CONCELLO		HORARIO DO CENTRO								
HORARIO DA ACTIVIDADE	DATA DE REALIZACIÓN (ANTERIOR AO 31-10-2010)	Nº ALUMNADO PARTICIPANTE	NIVEL EDUCATIVO (EL EP, ESO, OUTROS)									
CUSTO DA ACTIVIDADE 100%	CUSTO DA ACTIVIDADE 80%	IMPORTE DOUTRAS SUBVENCIÓNS										
XUSTIFICACIÓN ACTIVIDADE				ATA 2 PUNTOS								
CONTIDOS:				ATA 3 PUNTOS								
DESENVOLVEMENTO:				ATA 2 PUNTOS								
PUBLICIDADE / DIFUSIÓN:				ATA 1 PUNTOS								
PERSOAL:				ATA 2 PUNTOS								
GASTOS INCLUIDOS:												
LINGUA QUE SE VAI EMPREGAR:				(Para cubrir pola Administración) <table border="1" style="width:100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td colspan="2">PUNTUACIÓN</td> </tr> <tr> <td colspan="2">CONCESIÓN</td> </tr> <tr> <td style="width:50%;">SI</td> <td style="width:50%;">NON</td> </tr> <tr> <td colspan="2" style="text-align: center;">As actividades que non acaden 5 puntos non poderán ser propostas para subvención</td> </tr> </table>	PUNTUACIÓN		CONCESIÓN		SI	NON	As actividades que non acaden 5 puntos non poderán ser propostas para subvención	
PUNTUACIÓN												
CONCESIÓN												
SI	NON											
As actividades que non acaden 5 puntos non poderán ser propostas para subvención												
SINATURA DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE												
SINATURA E SELO DATA:												

<sup>1</sup> Cubrirase un anexo II para cada unha das actividades solicitadas.  
<sup>2</sup> Para cubrir pola Administración educativa.  
<sup>3</sup> Empregarase o código do ámbito correspondente á modalidade sinalada.  
<sup>4</sup> Número correlativo de todas as actividades que solicita o concello.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

*Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, inclúe, no seu artigo 3 e), como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, e no artigo 3 i), garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece no seu artigo 15 b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á infancia, procu-

rando que esta dispoña dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar no título I, ámbito competencial e organización xeral da consellería, artigo 1, recolle, entre outras, como competencias da Consellería de Traballo e Benestar os servizos sociais, incluíndo as políticas de familia e menores.

A Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos a ampliación e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 anos como recurso educativo e de prestación de servizo ás familias galegas, que contribúa tanto á corresponsabilidade como á conciliación da vida laboral e familiar. Neste senso, a constitución dunha rede pública galega de centros de educación infantil 0-3 como proxecto artellado e de calidade en que participen as entidades privadas de iniciativa social, é peza fundamental para o logro deste obxectivo. Esta orde de axudas ten como finalidade materializar neste momento de redefinición do modelo da educación infantil 0-3 anos a contribución da Administración galega ao sostemento dos centros existentes e fomentar a mellora da súa calidade.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE do 25 de xullo) e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.3 recollida na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, e o importe destinado a elas ascenderá a 3.342.024 euros.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para o cal foron establecidos,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

2. Para efectos desta orde, enténdese por nenos/os de 0 a 3 anos, as/os nacidas/os con posterioridade ao 31 de decembro de 2007.

##### Artigo 2º.-*Entidades beneficiarias.*

Poderán solicitar estas axudas as entidades privadas de iniciativa social que estean debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar, de acordo co disposto no Decreto 291/1995, do 3 de novembro, no relativo aos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais (DOG do 14 de novembro), e teña en funcionamento unha/s escola/s infantil/ís 0-3 que desenvolva/n as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia que cumpra os requisitos xerais desta orde.

##### Artigo 3º.-*Requisitos xerais.*

1. Serán requisitos imprescindibles para resultar entidade beneficiaria das axudas:

a) Que a escola infantil 0-3 cumpra os requisitos establecidos no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG do 31 de xullo), e no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG de 16 de agosto), así como a normativa de desenvolvemento, se é o caso.

b) A adaptación da tarifa de prezos da escola infantil 0-3 ao establecido no artigo 9º desta orde.

c) A adaptación do proxecto educativo da escola infantil 0-3 á estrutura establecida no anexo VII desta orde.

d) Realizar a selección de solicitudes para a adxudicación de prazas na escola infantil 0-3 de acordo co baremo e puntuación establecido no anexo VI.

e) Ter xustificado, nos prazos previstos, e en todo caso no momento de presentar a solicitude de axuda, os gastos correspondentes ás axudas recibidas en anos anteriores con esta mesma finalidade.

2. Co fin de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais ou representantes legais dos usuarios, as escolas infantís 0-3 prestarán servizos cinco días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral, e salvo causa xustificada logo da autorización da Consellería de Traballo e Benestar. Salvo causa de forza maior, as solicitudes para o peche temporal dos centros durante o ano 2010 presentaranse antes do 31 de maio.

##### Artigo 4º.-*Tipo de axuda.*

As axudas convocadas teñen como finalidade o mantemento dos centros co obxecto de compensar os gastos producidos nos seguintes conceptos:

- Gastos de persoal.
- Gastos de alimentación.
- Outros gastos xerais de mantemento do centro.

##### Artigo 5º.-*Criterios de valoración e concesión.*

No caso de non poder atender o total de solicitudes, a adxudicación efectuarase segundo a maior

puntuación alcanzada de acordo coa seguinte valoración:

a) As escolas infantís 0-3 que no ano anterior reciben subvencións da Xunta de Galicia con igual obxecto e obtiveron unha valoración satisfactoria: 3 puntos.

b) As escolas infantís 0-3 que prestan servizo de comedor: 1 punto.

c) Segundo o tempo de funcionamento do centro desde a data do permiso de inicio de actividades:

-Inferior a 3 anos: 1 punto.

-Entre 3 e 5 anos: 2 puntos.

-Superior a 5 anos: 3 puntos.

En caso de empate nas puntuacións, daráselles prioridade ás solicitudes que obteñan máis puntuación na suma das alíneas a) e b).

Artigo 6º.-*Módulos de referencia para o cálculo da axuda.*

Os módulos de referencia para o cálculo da axuda anual para gastos de mantemento están en función do número de unidades da escola infantil 0-3 e da prestación do servizo de comedor. As contías anuais serán as seguintes:

	Centros con servizo de comedor			Centros sen servizo de comedor
	De 1 a 3 unidades	De 4 a 6 unidades	Con 7 ou máis unidades	
Contía anual por unidade en funcionamento	21.500 €	20.500€	19.500 €	16.000 €

De non estaren en funcionamento todas as unidades o ano completo, aplicarase unha redución proporcional segundo o tempo de funcionamento.

Para os efectos desta orde enténdese por servizo de comedor cando sexa prestado por persoal do propio centro ou ben alleo a el contratado con tal fin (servizo de catering), incluídos os alimentos. En todo caso, este servizo incluírá o xantar e, opcionalmente, o almorzo e merenda e/ou cea. Así mesmo, deberá existir á disposición dos pais unha relación semanal dos menús previstos, os cales deberán proporcionar unha dieta equilibrada e axeitada á idade das/dos nenas/os.

Artigo 7º.-*Límite das axudas.*

1. O importe das axudas reguladas nesta convocatoria en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que desenvolverá a entidade beneficiaria.

2. No caso de non existir crédito suficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as entidades que resulten beneficiarias.

3. A contía que se subvencione non poderá ser por importe superior á diferenza resultante entre os gastos correntes e os ingresos previstos para o exercicio 2010, segundo os datos económicos consignados na solicitude (anexo II).

Artigo 8º.-*Renda per cápita mensual.*

1. Para os efectos desta orde, enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir entre doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillos menores de dezaioito anos, ou fillos maiores de dezaioito anos cunha minusvalidez superior ao 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita a que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

2. Para os efectos desta orde, ten a consideración de ingresos a suma da base impositible xeral máis a base impositible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. Para os efectos desta orde considérase familia monoparental aquela formada pola nai ou o pai solteira/o, segundo corresponda, que non convivan e os cónxuxes en situación de separación, divorcio ou viuvez.

Artigo 9º.-*Prezos.*

1. As entidades que sexan beneficiarias destas axudas deberán establecer os prezos por servizos prestados pola escola infantil 0-3 de acordo coas contías máximas reguladas no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro (DOG do 13 de marzo), polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

2. Os prezos que se establezan de conformidade co disposto no punto 1 deste artigo, refírense aos servizos básicos prestados pola escola infantil 0-3 ás unidades familiares. Para estes efectos, enténdese por servizos básicos, a asistencia ao centro e o comedor.

3. Se algún centro presta outro tipo de servizo distinto aos especificados no punto anterior, o prezo deste servizo será establecido libremente pola entidade titular do centro e, en todo caso, a súa utilización será voluntaria pola unidade familiar.

Artigo 10º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes presentaranse segundo modelo oficial (anexo I) acompañadas da seguinte documentación:

a) Datos do centro (anexo II).

b) Proxecto educativo adaptado á estrutura que figura como anexo VII desta orde (extensión máxima de 30 follas en formato DIN A4).

c) Memoria do centro do curso escolar 2008/2009.

d) Acreditación da personalidade e representación do solicitante.

e) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.

f) Declaración de todas as subvencións efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou entidades privadas (anexo IV).

g) Certificación bancaria da conta corrente en que se ingresará, se é o caso, o importe efectivo da subvención concedida agás no caso de entidades beneficiarias das mesmas axudas no ano 2009 que indiquen unha conta xa certificada.

2. As entidades que no ano 2009 percibiron axudas para o mantemento da escola infantil 0-3 deberán presentar copia da tarifa de prezos vixente na escola infantil 0-3, adaptada ao disposto no artigo 9º. As entidades que soliciten por primeira vez as axudas desta orde, deberán enviar a tarifa de prezos adaptada ao disposto nesta orde, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución favorable. Así mesmo, no caso de que a tarifa de prezos sufra modificacións durante o ano 2010, deberán enviar información destas modificacións no prazo dun mes desde que estas teñan lugar.

3. Non será necesario presentar documentos xa achegados en convocatorias anteriores, agás que se produciisen modificacións ou variacións nestes, de acordo co previsto no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Todos os documentos que se acheguen deben presentarse en orixinal ou fotocopia compulsada.

5. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Traballo e Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web. Así mesmo, se é o caso, a entidade beneficiaria autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos á axuda recibida, así como ás sancións impostas.

*Artigo 11º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

A solicitude e máis a documentación requirida presentaranse nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, sendo de aplicación en todo caso, o disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

*Artigo 12º.-Tramitación dos expedientes.*

1. Os departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, como órganos responsables da tramitación dos expedientes, realizarán os seguintes trámites:

a) Comprobar que estes reúnen todos os requisitos recollidos nesta orde. De non ser así, requirirase a entidade interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixer así, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, terase por desistida da súa petición, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma lei.

b) Solicitar informe á Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, sobre as condicións actuais dos centros solicitantes para os efectos de constatar o cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais, así como a data do permiso de inicio de actividades.

2. Revisados os expedientes e, completados, se for o caso, os departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar remitiranos ás comisións territoriais de valoración.

3. Unha vez avaliadas as solicitudes, as comisións territoriais de valoración emitirán informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

4. As comisións territoriais de valoración elevarán o informe xunto coas propostas de resolución ao órgano competente para a súa resolución, proponendo a concesión ou denegación das axudas.

Inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas pola entidade interesada, poráselle de manifesto para que no prazo de dez días, alegue ou presente os documentos e xustificación que coide pertinentes, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidencia: xefa/e do Servizo de Familia e Menores.

Vogais: tres funcionarias/os do respectivo departamento territorial designados pola/o xefa/e territorial, unha/un dos cales actuará como secretaria/o.

*Artigo 13º.-Resolución.*

1. Facendo uso das facultades conferidas no artigo 7.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución das axudas, por proposta da comisión de valoración, e despois da súa fiscalización pola intervención, correspóndelles por delegación ás/aos xefes territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

2. A solicitude das axudas deberá resolverse no prazo máximo de seis meses contados a partir do día seguinte á data de publicación desta orde. Transco-

rrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes poderanse entender desestimadas.

3. A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

4. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición.

5. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

*Artigo 14º.-Pagamento e xustificación das subvencións.*

1. No momento da xustificación da axuda, que será necesariamente antes do 1 de decembro de 2010, e en calquera caso antes do derradeiro pagamento, o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades segundo o modelo que figura como anexo IV.

2. Unha vez ditada a resolución pola que se concede a subvención procederase ao pagamento e xustificación da seguinte forma:

A) Para aquelas que non superen o importe de 18.000 euros poderá anticiparse ata un 80% da contía outorgada, e o 20% restante librarase, unha vez presentada pola entidade a documentación xustificativa do gasto realizado na finalidade obxecto de axuda. En todo caso, o importe do gasto xustificativo será igual ou superior á axuda concedida.

B) Nos demais casos poderá facerse efectivo o pagamento da axuda do seguinte xeito:

a) Un primeiro prazo do 50% da totalidade da subvención, en concepto de anticipo, no momento da súa concesión.

b) O 50% restante unha vez presentada pola entidade a documentación xustificativa do gasto realizado na finalidade obxecto da axuda. En todo caso, o

importe do gasto xustificativo será igual ou superior á axuda concedida.

3. Para xustificar o gasto realizado as entidades presentarán a seguinte documentación:

a) Orixinal ou ben copia compulsada ou cotexada de facturas, boletíns de cotización á Seguridade Social, nóminas e demais documentación xustificativa, acompañadas dos xustificantes dos pagamentos efectivamente realizados. En todo caso, as facturas deberán cumprir o disposto no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación e se modifica o regulamento do imposto sobre o valor engadido (BOE do 29 de decembro).

b) Unha relación valorada e ordenada cronoloxicamente, por tipo de gasto, onde se reflectan as facturas, boletíns de cotización á Seguridade Social, nóminas e demais documentación xustificativa.

*Artigo 15º.-Outras obrigas das entidades beneficiarias.*

As entidades beneficiarias destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ademais especificamente a:

A) En relación coas solicitudes de novo ingreso para o curso 2010/2011:

a) Facilitar unha copia do modelo de solicitude de axudas que figura como anexo V a esta orde ás/aos solicitantes de praza, co obxecto de que poidan exercer a opción por unha praza do Programa cheque infantil en caso de figurar en lista de espera no centro.

b) Remitir ao departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, antes do 15 de maio de 2010, a relación de solicitantes de prazas do centro que se atopen en lista de espera para o curso 2010/2011 e que, pola súa vez, optan polo Programa cheque infantil. A esta relación xuntaranse as solicitudes de axuda do Programa cheque infantil efectuadas polas/os solicitantes, segundo o modelo que figura no anexo V.

B) O cumprimento pola escola infantil 0-3 do proxecto educativo establecido segundo a estrutura que figura no anexo VII desta orde.

C) Remitir os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar.

D) Facilitar a inspección e control dos órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar respecto dos centros subvencionados.

E) Enviar ao departamento territorial correspondente antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte a documentación:

a) Un balance de ingresos e gastos comprensivo de todo o ano natural conforme o modelo establecido no anexo III.

b) Unha relación das/dos usuarias/os do centro onde se indique a seguinte información:

-Nome da nai, pai ou titor legal.

-Nome da/do nena/o.

-Cotas mensuais que aboaron.

-Meses de asistencia ao centro.

O cumprimento deste trámite considérase requisito previo para a concesión de subvencións nos exercicios seguintes.

F) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

G) As entidades que soliciten por primeira vez estas axudas, no caso de resultaren beneficiarias, deberán adaptar os prezos da escola infantil 0-3 ao disposto no artigo 9º, no prazo de 2 meses desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda.

#### Artigo 16º.-*Reintegración.*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das axudas públicas, xunto cos xuros de demora xerados segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos seguintes casos:

a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga da xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no número 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das condicións impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se

executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das condicións impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

2. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a existencia do xuro de demora correspondente.

#### *Disposicións adicionais*

